

PROTOCOLO DE ACEPTACIÓN DE EXPOSICIÓN TEMPORAIS PARA O MUSEO DO POBO GALEGO

O Museo do Pobo Galego é un espazo de activación, preservación e interpretación da Memoria e do Patrimonio Cultural, Inmaterial e Natural dedicado a xerar procesos de participación, inclusión, recoñecemento, creación, recuperación e construción da identidade de Galicia, comunicación, educación e aproveitamento para a sociedade.

Por tales motivos, as exposicións temporais son adoptadas como estratexias para fortalecer o diálogo do Museo con todos os seus públicos, arredor da mirada permanente sobre a antropoloxía e etnografía, e que se reflicta nos seus contidos.

1. Solicitude de espazos.

A solicitude de espazos para exposicións temporais deberá presentarse por escrito ao Departamento Técnico de Exposicións do Museo do Pobo Galego (en adiante “DTE”), ben por correo electrónico (exposicions@museodopobo.gal) ou persoalmente.

O DTE presentará as propostas á Dirección do Museo do Pobo Galego para a súa avaliación conxunta. Atendendo aos criterios institucionais, o DTE emitirá un informe favorable ou desfavorable á proposta recibida que será presentado á Dirección do MPG, sendo comunicada a decisión afirmativa ou negativa por escrito.

As propostas deberán vir acompañadas dun proxecto que inclúa:

- Os requirimentos técnicos precisos para a montaxe.
- As necesidades especiais de conservación se as houbese.
- Un orzamento detallado, no que se estimarán os custes totais.

As datas de inauguración e clausura das exposicións deberán concertarse coa Dirección e o DTE do Museo do Pobo Galego

2. Políticas de actuación

Primaranse, preferentemente, aquelas exposicións que abranguen contidos afíns ás coleccións e exposición permanente das salas, facendo especial fincapé en valorizar as exposicións particulares do MPG, co fin de divulgar os fondos propios do Museo.

Estudaranse con especial atención aqueles proxectos que procuren a divulgación dos aspectos antropolóxicos, etnográficos e culturais de Galicia.

As propostas remitidas por persoas socias serán estudadas e aprobadas ou denegadas segundo a súa pertinencia, dispoñibilidade de datas e os criterios fixados polo DTE conxuntamente coa Dirección do Museo.

O MPG non expón obra contemporánea, coa excepción daqueles proxectos que veñan avaliados MEDIANTE CONVENIO con calquera das institucións que forman parte do Padroado do Museo, de xeito que o MPG se converte nun prestador dos espazos.

O MPG non realiza exposicións que teñan coma finalidade promocionar ou vender produtos e/ou as obras integrantes dunha exposición, xa que logo, o Museo como **entidade sen fins de lucro** entende que non é o espazo apropiado para tales actividades.

3. Pautas para o uso dos espazos

O deseño, montaxe e desmontaxe serán responsabilidade da persoa solicitante conxuntamente co persoal do Museo de ser necesario.

O MPG poderá colaborar na divulgación e promoción das exposicións de produción non propia, segundo se acorde coa persoa ou institución responsable da mostra.

A persoa solicitante faise responsable dos danos causados en módulos, paredes e equipamento que poidan sufrir as dependencias do MPG.

O MPG non ofrece facilidades de almacenamento despois da data de clausura e desmontaxe das obras en exposición. As prórrogas nas exposicións serán acordadas co DTE e a Dirección do Museo, atendendo á dispoñibilidade de datas.

O persoal do MPG porá especial atención en entregar os espazos, vitrinas, peañas, paneis, focos, etc. en bo estado e/ou reparar os elementos que o precisen.

As exposicións acompañaranse da información pertinente en sala, referindo o marco teórico, importancia histórica, documental, etc. que facilite a comprensión do público.

As actividades paralelas ás exposicións (visitas guiadas, charlas, conferencias, etc.) serán coordinadas entre o DTE e o Departamento de Educación e Acción Cultural do MPG.

4. Aceptación do protocolo para persoas ou institucións solicitantes

ACEPTACIÓN DO PROTOCOLO

TÍTULO DA PROPOSTA:	
TEMA/OBXECTIVOS:	
INAUGURACIÓN:	CLAUSURA:
IDENTIFICACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE OU INSTITUCIÓN:	
ENDEREZO:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

Eu,, por medio do presente documento declaro que lín e entendín as disposicións que conforman o Protocolo de Exposicións Temporais e Itinerantes do Museo do Pobo Galego e acepto os requisitos e normas de uso dos espazos de dita institución.

Data:..... Sinatura:.....